SECUNDARIA arquitectura contemporánea

GUÍA DO PROFESORADO



ILUSTRACIÓN: CASA DOMÍNGUEZ. ARQUITECTO: A. DE LA SOTA. PONTEVEDRA 1976

- **GUÍA DO PROFESORADO**

- OBXECTIVOS 3
- SEGUIMENTO DA UNIDADE 3

1.- ACTIVIDADES INICIAIS 4

2.- ¿DE QUE FALAMOS CANDO FALAMOS DE ARQUITECTURA? 4

3.- A CIDADE DA ERA INDUSTRIAL 5

4.- A CIDADE DAS VANGARDAS 6

5.- O XURDIMENTO DUNHA NOVA ARQUITECTURA 6

6.- PRESENTE E FUTURO DO CONTORNO ARQUITECTÓNICO GALEGO 9

6.1.- OS ESPAZOS ARQUITECTÓNICOS DA NOSA ACTIVIDADE COTIÁ 9

6.2.- OS ESPAZOS URBANOS DA NOSA VIDA 10

7.- ACTIVIDADES FINAIS 10

ARQUITECTURA CONTEMPORÁNEA

GUÍA DO PROFESORADO

ANTONIO DÍAZ OTERO
XOSÉ MANUEL ROSALES NOVES
OLGA PEDROUZO VIZCAÍNO

OBXECTIVOS

1.- Desmontar os prexuízos existentes sobre a arquitectura contemporánea e a súa estética.

2.- Desenvolver a capacidade de observación, análise e descrición dos espazos arquitectónicos.

3.- Facer ver ao alumnado que o desenvolvemento dunha sociedade presenta continuos problemas na definición da súa arquitectura.

4.- Entender os elementos determinantes dunhas peculiares organizacións espaciais para un determinado tempo histórico.

5.- Concluír a necesidade dun racional deseño urbano como alternativa a uns comportamentos especulativos alleos á cultura e garante dunha correcta calidade de vida.

6.- Comprender a necesidade de deseñar os nosos espazos dende o territorio á propia vivenda.

7.- Ver algunhas das alternativas que se están a dar noutros lugares do mundo para contrastalas co contorno inmediato.

SEGUIMENTO DA UNIDADE

Non pretende ser a presente unha unidade na que se faga un completo percorrido pola historia da arquitectura contemporánea, mostrando unha serie de imaxes e citando unha longa lista de grandes creadores. Pretende, pola contra, destacar o punto de inflexión que se dá nas primeiras décadas do século XX e as novas vías que a partir de entón se abren. Ademais, xulgouse oportuno vincular os cambios arquitectónicos á evolución da cidade, por constituír ésta o primeiro elemento referencial na organización do noso espazo vital.

De seguido presentamos as intencións que animaron aos autores na redacción de cada un dos seus apartados contribuíndo, así, a que o profesorado saiba como abordar cada unha das tarefas propostas.

1.- ACTIVIDADES INICIAIS

Partindo fundamentalmente da análise de imaxes preténdese levar o alumnado a un posicionamento e posterior reflexión sobre algúns aspectos que logo se desenvolverán na unidade.

a) Búscase que afloren as súas percepcións do contemporáneo e que traten de racionalizalas. Para isto, preséntanse na diapositiva **AC-001** catro imaxes:

1.- Pazo da Ópera, da Coruña
2.- CGAC de Santiago
3.- Museo Guggenheim, de Bilbao
4.- Sede da Fundación Barrié de la Maza, da Coruña

que representan modelos arquitectónicos ben diferenciados.

b) Trátase de percibir até que punto a súa sensibilidade conservacionista queda reducida aos edificios históricos e vén marcada pola historia da arte. Permitiranos logo traballar sobre as diferentes tipoloxías creadas nos séculos XIX e XX. As imaxes propostas queren recoller tanto unha pluralidade de estilos e épocas como de rango, indo dende edificios institucionais e emblemáticos até edificios de vivendas e mercados. Son as seguintes:

Diapositiva **AC-002**:

1.- Catedral de Santiago
2.- Casa da Cultura de Chantada
3.- Vila Savoye
4.- Visión parcial de Manhattan.

Diapositiva **AC-003**:

5.- Concello de Pontevedra
6.- Unidade veciñal de Elviña, A Coruña
7.- Mercado de San Agustín, A Coruña
8.- Edificio FENOSA, A Coruña

c) Preténdese unha primeira reflexión sobre aspectos básicos no deseño do seu marco convivencial.

d) Completa a anterior, levando agora a reflexión a un marco máis próximo, o da súa vivenda. Quérese encetar un pequeno debate sobre os que deben ser considerados como aspectos trascendentes e secundarios á hora de valorar unha vivenda.

e) Partindo de exemplos diversos -diapositivas **AC-004** e **AC-005**- que recollen espazos interiores e exteriores, búscase un primeiro posicionamento do alumnado acerca da valoración deses espazos.

AC-001

AC-002

AC-003

AC-004

AC-005

2.- ¿DE QUE FALAMOS CANDO FALAMOS DE ARQUITECTURA?

A través do texto de Le Corbusier quérese levar o alumnado á conclusión de que arquitectura é todo o que o rodea. Este sería dalgún xeito o punto de arrinque da unidade. Dado que o texto é poético e ao tempo está cheo de suxerencias, é aconsellable que se lea de vagariño

AC-006

na clase, comentando o profesor/a aquelas imaxes ou parágrafos que poidesen ser máis escuros. A diferenza de escalas (espazo do cuarto, espazo da casa, espazo da rúa...) que nel se recolle debe ser algo perfectamente remarcado, ao tempo que se proxectan as diapositivas.

No caso da actividade prevista, consistente en sacar unha serie de fotos nas que plasmen o seu percorrido diario, o profesor/a debe ter presente a posibilidade de que podería ser rexeitada por algún alumno/a, que non quixese mostrar a intimidade do seu cuarto e vivenda. Nese caso, pódese dar a opción de recoller só o percorrido exterior.

3.- A CIDADE DA ERA INDUSTRIAL

Será o marco urbano e o despegue das novas cidades industriais o que nos sirva de referente inicial. Pretendemos que comprendan que como consecuencia das novas necesidades xurdidas a raíz da Revolución Industrial, ao longo do século XIX van ir aparecendo novos modelos edificatorios e tamén unha nova cidade. Para exemplificar aqueles seleccionamos na diapositiva **AC-007** as seguintes imaxes:

1.- Ponte de ferro, de Redondela
2.- Instalación fabril da Cros, en Culleredo
3.- Mercado de San Agustín, da Coruña
4.- Estación de ferrocarril de San Cristóbal, da Coruña

A actividade sobre os mesmos pretende forzar a observación sobre o seu contorno próximo, así como a busca de información, que deberá ser asesorada e guiada polo profesorado na medida do posible.
Móstranselles, na diapositiva **AC-008**, os planos dos ensanches de:

1.- Barcelona
2.- A Coruña
3.- Vigo.

Non interesa facer unha análise detallada dos proxectos urbanos. Tan só que perciban os aspectos máis superficiais dos mesmos: distribución en cuadrícula, facilidade dos desprazamentos e, sobre todo, a planificación do espazo urbano. Para iso propónselles reparar no que teñen en común.

Nun paso máis no acontecido cos ensanches, pídeselles que comparen -sobre imaxes do de Barcelona da diapositiva **AC-009**- o proxecto inicial e o realmente construído. Aquí trátase de que observen o proceso de colmatación á que se viron sometidas as mazás deseñadas por Cerdá.

As dúas últimas propostas -diapositivas **AC-010** e **AC-011-** van encamiñadas a que aprecen as diferentes condicións de vida que había nos ensanches burgueses e nos barrios obreiros. Mentres que naqueles as vivendas empezan a gozar dunha serie de comodidades, as condicións da vivenda da clase obreira son lamentables, dispoñendo dun mínimo espazo vivencial. Cremos que para observar isto *cómpre recalcar que os dous planos das vivendas presentados na diapositiva* **AC-011** *están realizados á mesma escala*. O noso interese en mostrar este aspecto social da vivenda radica en que cremos que así poden entender mellor o que van aportar as vangardas: condicións de vida dignas para todos.

AC-007



AC-008



AC-009

AC-010

AC-011

4.- A CIDADE DAS VANGARDAS

Importa destacar que a situación de boa parte das cidades a comezos do XX era deficiente, de aí a frase de Le Corbusier coa que se inicia este apartado.

O obxectivo é que comprendan que por vez primeira, de forma coordenada e colectiva, unha serie de arquitectos se preocuparon por crear unha cidade humana que dese resposta ás necesidades do novo mundo industrial, en suma, que respondese ás necesidades básicas do home: habitar, traballar, circular e cultivar o espírito. Ademais, as vantaxes desta nova cidade habían de chegar a todos os seus moradores e non só a unha clase privilexiada, tendo que dar, polo tanto, respostas colectivas. Chegados a este punto cómpre que o profesor/a explique algúns dos conceptos ou ideas reflectidas nos principios fundamentais como, por exemplo, mazá aberta, liberación de espazos en planta baixa, construción en altura, etc...

As imaxes escollidas na diapositiva **AC-012** para exemplificar estes intentos correspóndense con proxectos ou obras de Le Corbusier:

2.- Pavillón Suizo, París 1930
4.- Cité do Refuge, París 1929

AC-012

Inclúese, tamén, na diapositiva **AC-013** o plano da "Ville Radieuse" de Le Corbusier (1930), pero o profesor pode utilizar outros modelos (Le Corbusier, Wright, ...). A finalidade da actividade proposta non é tanto que coñezan os proxectos como que o alumnado se familiarice coa lectura dun plano urbano, coa identificación de modelos edificatorios variados e que se decate do importante e necesario que é reflexionar sobre a cidade que queremos para vivir. Tamén se deberá destacar a importancia que adquiren as zonas verdes en todas estas propostas de cidades ideais.



AC-013

Sería interesante que isto levase a un debate na clase sobre como lles gustaría que fose a súa cidade ideal, como a deseñarían, etc... para logo trasladalo ao seu ámbito concreto: ¿que lles gustaría que cambiase na súa cidade ou vila? ¿que pensan que está ben?.... Esta posibilidade sería opcional, dependendo do interese do grupo e da marcha do conxunto da unidade.

5.- O XURDIMENTO DUNHA NOVA ARQUITECTURA

Se queremos mellorar as condicións de vida das persoas, non basta con plantear unha nova cidade, tamén hai que crear unha nova arquitectura que dea resposta ás novas necesidades (necesidades que non existían noutras épocas históricas) e permita que a vida dos seus moradores sexa o máis agradable posible.

Este apartado iníciase cos famosos "cinco puntos" de Le Corbusier para que se decaten como os novos materiais que agora xa existen (e que non existían, por exemplo, no século XVII) permiten facer unha nova arquitectura, e crear uns novos espazos: unha arquitectura con máis luz, con maiores espazos e que se pode adaptar perfectamente



AC-014



AC-015



AC-016

ás necesidades para as que se crea. Entendemos que estes principios, recollidos na diapositiva **AC-014**, que aparecen ilustrados cuns debuxos do propio Le Corbusier, deben ser explicados polo miúdo polo profesor/a, servíndose, ademais, das imaxes contrapostas do Museo de Pontevedra (**3**) e da Vila Savoye (**4**) representantes, respectivamente, dunha arquitectura tradicional e dunha arquitectura contemporánea.

Na diapositiva **AC-015** recollemos a Vila Stein e tres imaxes presentes no libro *"Cara unha arquitectura"* (1923), de Le Corbusier:

1.- Vila Stein, Garches 1927
2.- Paquebote Aquitania
3.- Avión correo París-Londres
4.- Ponte de Garabit, de Eiffel.

Representan formas totalmente novidosas que eran o resultado e a resposta, ao igual que os espazos interiores, a un problema funcional concreto e aí radicaba a súa fermosura e beleza.

Máis adiante, volveráse sobre eles na actividade sobre a "Vila Savoye", que ten como finalidade comprobar se o alumnado é capaz de ver nunha construción estes principios. Deberían ser capaces de aprezar, nas catro imaxes da diapositiva **AC-016**:

- **a estrutura de piares**: a planta dos cuartos atópase elevada enriba duns pilotis debaixo dos cales se organiza a circulación dos automóbiles, o servizo, o garaxe...
- **a azotea-xardín**: un xardín suspendido que permite gozar da natureza eliminando os seus inconvenientes ao situarse sobre un chan limpo e san
- **a fiestra apaisada e corrida**
- **a estrutura libre da fachada**
- **a libre disposición das plantas**

O profesor/a debe facer ver a funcionalidade e racionalidade con que foi concibida esta vivenda: como a planta terrea foi deseñada tendo en conta o acceso e movemento dos coches, en tanto que as superiores organizáronse coa idea de optimizar o sistema de circulación interior da vivenda. Así, a planta principal artéllase en dúas áreas dispostas en "L" en torno á rampla. A primeira formada polo salón-comedor (aberto ás panorámicas e ao xardín interior que se abre, á súa vez, cara o mediodía) e a outra desenvolvida sobre as fachadas norte e leste e na que se dispón o cuarto do fillo, o oficio, a cociña, e o cuarto dos hóspedes, xunto a un apartamento dos donos da casa, composto por un amplo dormitorio, baño, vestidor, gabinete e acceso directo á terraza-xardín.

Evidentemente, a "Vila Savoye" é unha vivenda feita para alguén que contaba con importantes medios económicos (Pierre Savoye era directivo dunha compañía de seguros e encargou a Le Corbusier unha vivenda de vacacións a localizar a carón do casco medieval de Poissy, unha tranquila vila rural sita a uns 40 quilómetros de París), pero os principios citados foron pensados para aplicar en todo tipo de vivendas, porque o obxectivo destes arquitectos era conseguir que todos, e non só as clases acomodadas, vivisen mellor.

Por iso, na unidade insístese en que unha das preocupacións fundamentais destes arquitectos da vangarda foi experimentar con modelos de vivenda económica. Con

este fin introdúcense as actividades sobre a experiencia coordenada por Mies van der Rohe en Weissenhof e a edificación do barrio Frugès, por parte de Le Corbusier.

As imaxes recollidas na diapositiva **AC-017**, mostran diferentes aspectos de vivendas construídas en Weissenhof, Stuttgart, nos últimos anos vinte. Mies van der Rohe dirixiu e coordinou a "Exposición da Vivenda Moderna" (Deustche Werkbund), un proxecto a través do que encargou a algúns dos principais arquitectos do momento (Behrens, Gropius, Oud, Taut, Le Corbusier, Scharoun,...) o deseño de vivendas mínimas e económicas que poidesen resolver as necesidades dunha familia. A intención que anima o traballo proposto non é outra que poñer de manifesto a antigüidade da preocupación pola vivenda social existente nalgúns sectores, así como o desfase entre o realizado polas vangardas e o que aprezamos no noso contorno cotiá.

AC-017

Na actividade que se propón sobre o Barrio Frugès o profesor/a debe remarcar que se trata de vivendas baratas e pensadas para ser ocupadas por obreiros e obreiras que até ese momento vivían en casas como as vistas no apartado anterior. O profesor/a pode informar aos alumnos/as que a construción deste barrio levou menos dun ano (grazas á aplicación da estandarización e da produción en serie) e incluía cinco tipos de vivenda. A que aparece na unidade, na diapositiva **AC-018,** responde ao denominado Tipo **1** que se corresponde cunha vivenda illada, pensada para unha soa familia, e que inclúe unha planta terrea, unha principal -vivenda- e unha terraza. Outros tipos incluían edificios de dúas plantas, agrupacións,...


AC-018

A actividade sobre a "Unité d´Habitation" está posta coa finalidade de que o alumnado comprobe que eses principios, esa nova arquitectura non só se aplicou a vivendas illadas ou pensadas para un reducido número de moradores, senón tamén para vivendas colectivas, construcións nas que ían vivir arredor de 2000 persoas. Na diapositiva **AC-019** preséntanse 6 imaxes:

1.- Vista xeral da Unité de Marsella
2.- Axonometría das dúas plantas dunha vivenda tipo
3.- Vista dos "pilotis"
4.- Vista interior do cuarto de estar e a terraza
5.- Vista dun dormitorio pequeno
6.- Vista da zona de xogos na cuberta


AC-019

Apoiándose nestas imaxes, o profesor/a pode destacar que a "Unidade de Habitación de Tamaño Axeitado" constitúe un prototipo abstracto que incluía unha ampla gama de tipoloxías de vivendas adaptadas ás características de cada unidade familiar. Nela integrábanse tamén unha serie de equipamentos comerciais e instalacións recreativas de uso común, aplicando os mesmos principios organizativos que rexían nos trasatlánticos (diapositiva **AC-020**) . Tratábase dunha organización case socializante e cunha grande racionalidade: cociñar, lavar a roupa ou coidar os nenos, anciáns ou enfermos son funcións que pode realizar a comunidade en lugares axeitados, o mesmo que a práctica do exercicio físico pode realizarse en común, por exemplo na terraza-azotea. Todo isto que facilita a relación social, debe terse en conta á hora de planificar vivendas colectivas. Por último, pode transmitírselles, tamén, que se chegaron a realizar até cinco "Unités" , en diferentes lugares de Francia e tamén en Berlín.


AC-020

AC-021

AC-022

AC-023

AC-024

AC-025

AC-026

As propostas de traballo buscan, de novo, incidir sobre os presupostos da nova arquitectura e sobre o carácter colectivo e socializante deste tipo de construcións. Coa confección da lista sobre vantaxes e inconvenientes e a posterior posta en común, preténdese que poidan agromar reflexións sobre as posibilidades de habitabilidade e relación social que ofertan as vivendas do alumnado e as que tiñan as propostas feitas por estes arquitectos hai xa máis de medio século.

Entendemos que non sería bo reducir as preocupacións da nova arquitectura á creación de novas vivendas. A preocupación pola creación de novos espazos arquitectónicos levouse a moitos outros ámbitos: museos, igrexas, centros de estudo,..... Inclúese unha selección, tanto de exteriores como de interiores, de obras emblemáticas de arquitectos que forman xa parte da historia da arquitectura como Wright, Mies Van der Rohe, Alvar Aalto e Gropius (diapositivas **AC-021**, **AC-022**). Non se pretende, en ningún caso, que o alumnado aprenda estes nomes senón que se familiarice coa visión de novas propostas espaciais que han contribuir á súa aceptación das realizacións actuais.

Para isto, o profesor/a debería ir guiando a observación destas imaxes por parte do alumnado. Deberían destacarse aspectos como:

- A diversidade tipolóxica
- A facilidade na construción pola mellora das técnicas construtivas
- A incorporación de novos materiais: aceiro, formigón,...
- E, sobre todo, algúns dos valores da nova arquitectura:
  - Liberdade espacial
  - Luminosidade
  - Interrelación de exteriores-interiores
  - Funcionalidade e versatilidade espaciais
  - .....

Finalmente, o apartado remata cunha actividade planteada sobre obras arquitectónicas máis recentes, realizadas en moi diferentes medios e espazos (México, California, Xapón e Santiago) buscando que o alumnado aplique o aprendido até agora acerca do espazo arquitectónico e que se decate de como eses principios, enumerados por Le Corbusier a principios do século XX, teñen acadado hoxe unha extensión universal.

A diapositiva **AC-025** que pecha o apartado, pretende tan só amosar como a busca de novas linguaxes formais se prolonga até os nosos días.

6.- PRESENTE E FUTURO DO CONTORNO ARQUITECTÓNICO GALEGO

6.1.- Os espazos arquitectónicos da nosa actividade cotiá

O obxectivo é que o alumnado se decate de que ideas que se estiveron a desenvolver dende principios do século pasado en países e zonas do noso contorno, en Galicia tiveron escasa ou moi localizada repercusión manténdose, aínda hoxe, formas de facer arquitectura que obvian totalmente esas aportacións.

Con todo, destácase que contamos en Galicia cun feixe de obras de extraordinario valor, que forman parte do noso patrimonio cultural, aínda que ás veces seguen a estar esquecidas e mesmo infravaloradas. Algúns arquitectos galegos, como Alejandro de la Sota, ou foráneos, téñenos deixado obras de gran calidade que cómpre valorar e poñer no lugar que lles corresponde.

Concluímos este apartado mostrando unha serie de obras de recente construción en Galicia. Non se busca a memorización de imaxes nin de nomes (de feito, omítense), senón que se pretende poñer ao alumnado diante de realizacións nas que poden ver plasmados algúns dos presupostos da arquitectura contemporánea, coa intención de que sexan quen de rastrexalos, mesmo axudados polos seus profesores/as. A valoración dos espazos interiores, a relación espazo exterior-espazo interior como un continuo, a simplicidade de liñas, a valoración de materiais propios pero a asunción dos novos, a articulación dos corpos edificatorios, o tratamento da luz e a busca dos espazos diáfanos, etc... son algunhas das ideas que se lles poden transmitir e poñer de manifesto a través desta ampla selección de imaxes.

Por último, non estaría de máis facer notar que a renovación arquitectónica estase a observar cada vez máis en edificios institucionais (museos, institutos, centros de saúde, ...) e mesmo en edificios de vivendas de promoción pública. A iniciativa privada segue a ser reacia a aceptalos, de aí que a maior parte de nós sigamos a vivir en vivendas que pouco ou nada teñen que ver cos ideais preconizados por aqueles arquitectos das vangardas.

O que se pretende, en definitiva, é que empecen a valorar os logros espaciais de determinados edificios e sexan críticos coa realidade construtiva de boa parte das nosas vivendas.

6.2.- Os espazos urbanos da nosa vida

Se o acento se poñía con anterioridade no edificio singular, agora o punto de mira diríxese cara os conxuntos urbanos. A contraposición de modelos cremos que pode ser unha fórmula que estimule a reflexión e o debate. Por iso optamos por poñer espazos urbanos conxestionados e ateigados de vehículos fronte a outros con espazos amplos e nos que os peóns son o referente primordial.

As actividades propostas tenden a provocar a reflexión na dirección indicada, pretendendo facer consciente ao alumnado da realidade urbana na que viven e destacando que os problemas non son meramente estéticos senón funcionais. Para resolvelos comprirá, polo tanto, facer unha planificación axeitada dos nosos espazos convivenciais.

7.- ACTIVIDADES FINAIS

Pretenden ser un punto de chegada e aplicación que, dun xeito circular, enlace co inicio da propia unidade. Para comprobar até que punto entenderon o que supón a nova arquitectura preséntanselles unha serie de textos que recollen reflexións feitas por arquitectos, co fin de que

AC-027

AC-028

AC-029

AC-030


AC-031

AC-032

AC-033

AC-034

sexan quen de extraer ideas clave dos novos presupostos arquitectónicos:

- a nova arquitectura abre o espazo ao exterior
- a valoración do espazo baleiro
- a arquitectura debe responder ás necesidades para as que se crea
- a arquitectura debe integrarse no contexto espacial para o que foi creada
- .....

A partir de aquí, e de xeito opcional, podería realizarse un pequeno debate acerca da opinión que o alumnado ten sobre cada unha destas ideas.

Como remate, plantéaselles valorar o percorrido que no apartado 2 se lles mandou fotografar. É un novo intento de achegalos á observación e reflexión sobre o seu contorno arquitectónico. De detectar capacidade crítica sobre o mesmo non teriamos andado en balde.